

Bos días Muxía.

Para quen non me coñeza, son Victorino.

En primeiro lugar, darlle as grazas a Iago, o noso alcalde, por contar comigo para dar o pregón desta festa tan entrañable para nós, os mariñeiros.

Agora vou contarvos un pouco da miña historia: Con 14 anos empecei a traballar no mar nunha gamela a remos. Dediqueime ao palangre, ós trasmallos e ás vetas, entre outros. Pescaba abadexos, robalizas, congros e tamén ía aos percebeos.

Con 18 anos saquei os títulos de patrón e mecánico e comecei a traballar no barco do meu pai. Fixen de mariñeiro, de patrón, de motorista, en definitiva, de todo o que fixera falta para sacar o barco adiante.

Mais tarde, no ano 1968 fíxenme armador dun barco do pincho e a partir do ano 1983 cambiei ó oficio do Arrastre, no que traballei hasta a xubilación, fai agora 20 anos.

En todo este tempo pasei por todo tipo de circunstancias, momentos alegres e menos alegres, xa que incluso sufrín un naufraxio no ano 1983 no que, grazas a nosa Virxe da Barca, non houbo que lamentar perdas humanas.

Bueno, non quero aburrirvos mais contando a miña vida. Simplemente agradecer a este, o noso mar, todo o que me dou, non solo a min, senón o que nos dou a todos os Muxiáns. Eso si, para chegar a isto tivemos que facer grandes sacrificios, esforzos e un traballo sen fin.

Hoxe é día de festa. Unha festa que quere mostrar como era o noso xeito de vivir non fai tantos anos atrás. Hoxe en día todo dou un gran cambio para mellor, pero é bo que recordemos de onde vivimos, e non deberíamos esquecerlo nunca.

Moitas grazas a todos os que confiaron en min para dar comezo a XIII Rutas do Mar de Muxía. Por iso remato desexando que disfrutemos da festa, do noso bonito pobo e sobre todo do noso amado mar, o que tanto nos dou e nos dará.

Moitas grazas a todos e FELICES FESTAS!!